

CÓDIGO DE CONDUTA CORPORATIVA



FUNDACIÓN
AMIGOS DE GALICIA

**FUNDACIÓN
AMIGOS DE
GALICIA**

INTRODUCCIÓN

A Fundación Amigos de Galicia é unha entidade sen fins lucrativos (Lei 49/2002), rexistrada coma Entidade Prestadora de Servizos Sociais nº E-2199, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada, que no exercicio das súas funcións actúa con total independencia das Administracións Públicas.

Temos a visión dunha entidade social, consolidada e afincada en Galicia cuxo baluarte son as persoas en situación de risco de exclusión social, prestando especial atención á infancia, persoas maiores que viven soas e mulleres en situación de vulnerabilidade e/ ou violencia de xénero. Temos unha visión moi esixente co servizo que realizamos, reinventándonos cada día para mellorar a nosa actuación coas persoas en situación de dificultade

O obxectivo do presente Código é establecer as pautas xerais que deben rexer a conduta das persoas vinculadas á Fundación, baixo estándares de ética e integridade coherentes coa misión, principios e valores da organización.

A Fundación Amigos de Galicia desenvolveu dito código co fin de:

- Velar polo bo goberno e a transparencia como principios básicos que rexen a nosa xestión interna, reflexando o noso compromiso organizacional e dando resposta á demanda cada vez máis crecente neste ámbito por parte da sociedade ás organizacións do Terceiro Sector.
- Orientar as pautas a seguir no caso de atoparnos ante dilemas éticos no noso ámbito profesional e de relación con terceiros.
- Cumprir coas obrigacións legais locais e autonómicas ás que estamos suxeitos¹ e afianzar o noso compromiso co marco internacional de Dereitos Humanos, respectando os principios éticos das culturas propias dos territorios nos que nos atopamos presentes.

Entendemos que o noso modelo de xestión resultaría ineficaz si se limitase a definir os procedementos e non fose acompañado dunha “cultura de cumprimento” no eido da organización, o cal debe poñer o foco na promoción da ética e as boas prácticas como parte do signo de identidade da **Fundación Amigos de Galicia**, intentando ir máis aló do cumprimento normativo e buscar a máxima calidade na nosa xestión interna, e por ende na consecución dos nosos obxectivos misionais.

(1) A nivel corporativo, o artigo 31 bis do Código Penal, introducido pola Lei Orgánica 1/2015, o cal establece como un dos requisitos para eximir á persoa xurídica da súa posible responsabilidade penal ante un acto delitivo acontecido no seno da mesma, o dispor dun sistema disciplinario que sancione adecuadamente o incumprimento das medidas do modelo de xestión deseñado e implementado para previr e mitigar a comisión de actos ilícitos. Adicionalmente, segundo a Circular 1/2016 dito requisito presupón a existencia dun Código de Conduta no que se establezan claramente as obrigas de directivos/as e empregados/as.

A QUEN CONCIRNE O CÓDIGO

O firme compromiso da Fundación Amigos de Galicia por promover unha cultura de integridade pública só pode resultar efectiva se é compartida por todos/as os/as que conforman e participan na entidade.

Todas e cada unha das persoas que forman parte deste organismo aspiran a conducir a actividade de forma ética, cunha convicción e un compromiso inherente ao desempeño diario.

En consecuencia, este Código resulta de aplicación a todo o persoal da Fundación, non importando cal sexa o cargo, posto ou funcións que cada suxeito desenvolva (equipos directivos, patronos/as, empregados/as).

Adicionalmente, se solicitará a todas as contrapartes, aos patronos/as, provedores de servizos, ás empresas colaboradoras e as persoas voluntarias que colaboran nas distintas campañas, eventos da entidade, así como, cos que se estime necesario segundo os protocolos internos, que formalicen a súa adhesión ao Código de Conduta mediante a inclusión dunha cláusula no contrato a formalizar como parte do principio de “esfuerzo colectivo”.

Enténdese por condutas éticas aquelas que encarnan os ideais éticos da Fundación Amigos de Galicia, os cales quedan reflexados nos nosos valores e principios:

- **Compromiso cos dereitos humanos e a dignidade das persoas.-** Pretendemos que todas as persoas poidan exercer os seus dereitos e estean capacitadas para desfrutar dunha vida digna.
- **Integridade.** Actuar de forma íntegra implica actuar con honestidade e transparencia, alineando as decisións co marco legal e normativo vixente e cos valores éticos e principios de actuación que emanan deste Código.
- **Transparencia.** Rendamos contas ante as persoas e institucións coas que traballamos, ante as que nos apoian e a sociedade en xeral. A transparencia non é un fin en si mesmo, senón un medio para lograr organizacións máis xustas e sostibles e servir de salvagarda para unha correcta administración.
- **Independencia.** Somos unha entidade non governamental que leva a cabo a súa misión respectando a liberdade e a igualdade das persoas coas que traballamos.
- **Eficacia e innovación.** Innovar implica contribuír á calidade e mellora constante do noso servizo, de forma creativa e flexible, sendo capaces de propoñer solucións novidosas que se adapten aos cambios normativos e as necesidades das nosas partes interesadas.
- **Esfuerzo colectivo.-** Traballamos dende a cooperación e a corresponsabilidade das persoas ante os intereses comúns, o voluntariado ao lado dos demais e das súas organizacións, a través de redes e alianzas comprometidas coa nosa visión do mundo.

Así, a Fundación Amigos de Galicia promoverá a través do Código de Conduta estas condutas como parte do compromiso adquirido por todas aquelas persoas físicas e/ou xurídicas que se vinculan coa nosa entidade, e así fomentar a corresponsabilidade social, quedando por tanto prohibidas todas aquelas conductas que prexudiquen á persoa, á Fundación Amigos de Galicia ou a sociedade nos seus dereitos fundamentais, de maneira que nunca deban tolerarse. Destacamos:

Tratar a todas ás persoas con respecto e rechazar calquera tipo de acoso, discriminación, intimidación, explotación ou calquera outra actuación en contra dos Dereitos Humanos. Promoveranse as relacións profesionais baseadas no respecto mutuo, a dignidade, a integridade e a equidade, propiciando un ambiente de colaboración agradable, saudable, seguro e inclusivo, mostrando respecto polas costumes locais onde nos atopamos presentes e das persoas por e para as que traballamos, prohibindo calquera forma de abuso de poder, autoridade ou violencia exercida contra un/unha terceiro/a.

As persoas vinculadas á Fundación Amigos de Galicia, non poderán participar en ningunha forma de explotación sexual. Dito isto, é responsabilidade de todos/as denunciar aqueles comportamentos que vulneren este principio a través das canles de denuncia correspondentes.

Neste eido, é necesario enfeitizar os dereitos dos menores, polos que se cumprirán os principios recollidos na **“Convención sobre os Dereitos do Nen@”**, xa que a Fundación Amigos de Galicia considera unha prioridade a protección a infancia, denunciando calquera tipo de maltrato ou abuso infantil.

■ Os/as membros e voluntarios/as da Fundación Amigos de Galicia que manteñan unha relación habitual con nenos/as vinculados/as á nosa intervención -actividades dirixidas a este colectivo-, someteranse a unha análise previa mediante a aportación dun certificado de delitos sexuais ou o seu homólogo fóra de España, segundo se establecen no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do Menor.

■ No caso de empresas colaboradoras, patronos/as e provedores de servizos que por motivos profesionais tiveran que estar en contacto directo con beneficiarios/as, requiriran a supervisión dalgún empregado/a da Fundación Amigos de Galicia e/ou da contraparte. Cando os servizos profesionais independentes contratados conleven un contacto directo con nenos/as vinculados/as a nosa intervención e sexan prestados por unha persoa física, esta deberá aportar un certificado de delitos sexuais ou homólogo fóra de España, así como aqueles outros documentos que sexan requiridos segundo o marco legal a nivel local.

■ No caso das contrapartes, as mesmas establecerán protocolos internos que acrediten a idoneidade dos empregados/as postos a disposición da intervención da Fundación Amigos de Galicia.

- **Actuar con integridade.** As persoas vinculadas á Fundación Amigos de Galicia teñen a responsabilidade de asegurar que a súa conduta sexa coherente coa súa misión, principios e valores, para así salvagardar a imaxe e reputación da organización; e que as súas accións e decisións non estean motivadas por intereses persoais ou profesionais que poidan xerar un posible conflito de interese.
- **Cumprir a lexislación e a normativa interna da Fundación Amigos Galicia** que resulte de aplicación, quedando esta última detallada no convenio de colaboración a formalizar coas nosas contrapartes. O cumprimento das leis é unha esixencia ineludible para a Fundación Amigos de Galicia e as persoas ás que aplica no presente Código de Conduta, que contrarias á lei, contraveñan os valores e principios que inspiran á Fundación Amigos de Galicia e que se atopan recollidos no presente documento.

- **Actuar con imparcialidade nas relacións profesionais.** Os/as membros da Fundación Amigos de Galicia non poderán aceptar ou ofrecer agasallos, invitacións, atención e, en xeral, calquera tipo de compensación que teña un valor superior a 100€ ou o seu equivalente en moeda local, e que por tanto poida comprometer a independencia propia ou allea na toma de decisións relativas á Fundación Amigos de Galicia -prohibido calquera intercambio en metálico-. Aqueles agasallos e invitacións recibidos que contraveñan o disposto no presente Código de Conduta serán devoltos inmediatamente, e no caso de non ser posible a súa devolución informárase ao Comité de Riscos quen decidirá o destino dos mesmos.
- **Ter hábitos saudables e corresponsables.** O respecto polo noso entorno e o benestar individual – físico e psicolóxico-, son a base que nos permitirá xerar un desenvolvemento sostible. As persoas que forman parte da Fundación Amigos de Galicia, directa ou indirectamente, evitarán riscos innecesarios para a seguridade, saúde e benestar propio e/ou alleo.
- **Empregar de maneira responsable, eficiente e adecuada a información e os recursos financeiros e materiais** postos a disposición por parte da Fundación Amigos de Galicia para o desenvolvemento da labor profesional.
- **Cumprir os compromisos derivados da adhesión aos códigos de terceiros** cos que se estableza unha relación vinculada á actividade profesional da Fundación Amigos de Galicia. A entidade asume, como parte da súa normativa interna o contido destes códigos, comprometéndose a súa promoción e cumprimento.

DIFUSIÓN, XESTIÓN E CUMPRIMENTO DO CÓDIGO DE CONDUTA

RECEPCIÓN E ACEPTACIÓN

A Fundación Amigos de Galicia comunicará e difundirá entre todas as persoas vinculadas profesionalmente coa entidade o contido deste Código de Conduta, facilitando as canles necesarias para garantir o seu acceso e deixar formalizado o seu compromiso de adhesión.

A sinatura deste compromiso de adhesión, implica o coñecemento e a obrigatoriedade co contido do presente Código de Conduta, como parte do marco normativo interno. A custodia de todas as declaracións asinadas, en papel e escaneadas, serán responsabilidade do Departamento de Recursos Humanos.

Para as contrapartes, patronos/as, empresas colaboradoras e provedores, o seu compromiso de cumprimento quedará recollido nunha cláusula do contrato a formalizar entre ambas partes, na que se recollerá a súa adhesión ao Código de Conduta, o cal lles será devolto posteriormente.

No caso de ter calquera dúbida sobre a interpretación ou aplicación deste Código de Conduta deberán dirixirse ao seguinte correo electrónico flagocalvo@gmail.com ou no teléfono 680 53 64 53.

COMUNICACIÓN E INVESTIGACIÓN

Todas as persoas vinculadas profesionalmente coa Fundación Amigos de Galicia teñen o deber de informar sobre calquera incumprimento ou vulneración do Código de Conduta que puideran observar no desenvolvemento das súas actividades profesionais. O coñecemento dun incumprimento do Código de Conduta sen denuncialo poderá levar a sancións por parte da Fundación Amigos de Galicia, así como aquelas outras que puideran derivarse.

A comunicación deberá efectuarse a través da canle de denuncias tan pronto como se teña coñecemento dos feitos, debendo identificarse, indicando o seu nome e apelidos, número de identificación (NIF), razón de vinculación coa Fundación Amigos de Galicia, así como medio de contacto (teléfono e correo postal). Co fin de facilitar a presentación das suxerencias e reclamacións, a entidade pon a disposición dos seus grupos de interese un “Formulario de suxerencias e reclamacións”.

- **Correo postal**
- **E-mail**
- **Web**
- **Teléfono**

O proceso a seguir sería o seguinte:

1. **Rexistro interno das suxerencias e reclamacións.** Se creará o Comité de Riscos como membro da Comisión de Reclamacións.
2. **Análise interno das incidencias reportadas.** Unha vez analizada a reclamación interposta, procederase a emitir acuse de recibo por escrito nun prazo máximo de 10 días hábiles, a través da canle de comunicación empregada polo emisor ou a través do medio de contacto proporcionado, segundo corresponda. En dito acuse se indicará ao emisor se a súa reclamación continúa o proceso ou se esta foi desestimada, así como os motivos que conlevaron a esta última decisión.
3. **Resolución das reclamacións.** Se comunicará ao emisor, a través do medio de contacto proporcionado previamente; detallando: resolución alcanzada, razóns que conlevaron a dita decisión, medidas correctivas propostas e resarcimento.
4. **Apelación das reclamacións.** Cando o emisor da reclamación, ou as persoas afectadas non se atopen conformes coa súa resolución e/ou coas medidas correctivas definidas, poderán apelar a súa revisión nun prazo máximo de 15 días hábiles a partir da comunicación da resolución emitida pola Fundación Amigos de Galicia. Para elo, o emisor da apelación deberá dar cumprimento ás instrucións definidas nas fases anteriores, sendo idéntico o mecanismo.

Esta canle de denuncias rexese baixo os principios recollidos na **“Política de xestión de suxerencias e reclamacións”**², e por tanto:

- Garantir a confidencialidade do denunciante, salvo canda teña que ser identificado/a ante as autoridades de acordo co establecido nas leis.
- Os feitos denunciados serán investigados con absoluta independencia dos órganos responsables.
- O persoal que informe acerca de posibles infraccións ou colabore na súa investigación non se verá prexudicado/a de modo algún, a non ser que dende o comezo foran coñecedores/as de que dita información era falsa ou actúen de mala fe para prexudicar a outras persoas.

A denuncia interna mediante o canal de denuncias non exime aos membros da Fundación Amigos de Galicia e aos/ás voluntarios/as de informar acerca de ditos delitos ás autoridades de supervisión e organismos públicos competentes cando a situación o amerite.

COMITÉ DE RISCOS

Co fin de velar por unha adecuada posta en práctica e cumprimento deste Código, se creará un Comité de Riscos.

As funcións de supervisión, vixilancia e control do cumprimento do presente Código de Conduta recaen no Comité de Riscos. Este comité, de carácter interno, estará composto por un membro de cada Departamento de Fundación Amigos de Galicia, así como, por un asesor xurídico que dará fe do cumprimento das boas practicas.

As persoas que integran o Comité de Riscos exercen as súas funcións con plena autonomía, independencia, obxectividade e imparcialidade. Dito Comité deberá reunirse alomenos dúas veces ao ano, onde se procurará que as decisións se adopten por unanimidade. No caso de discrepancias entres os seus/súas membros, se adoptarán co voto favorable da maioría dos seus/súas membros.

Os/as membros deben gardar segredo da información á que accedan para exercer as súas funcións e deben preservar a confidencialidade dos datos persoais tratados, que se manteñen unha vez que cese no cargo.

(2) Accesibilidade boa fe, compromiso organizacional, confidencialidade, identificación, imparcialidade, transparencia, non vitimización, presunción de inocencia e respecto.

FUNCIÓN

As funcións do Comité de Riscos serán as seguintes:

- a) Difundir o Código de Conduta e velar polo seu cumprimento.
- b) Resolver as dúbidas que poidan prantexarse respecto da súa interpretación e aplicación.
- c) Impulsar medidas de formación e de prevención de actuacións contrarias aos valores de boa gobernanza, as normas e as pautas de conduta que regulan o Código.
- d) Formular recomendacións sobre os incumprimentos do Código, sen prexuízo das funcións de investigación do órgano de control que corresponda.
- e) Formular recomendacións e propor melloras na xestión ética e a aplicación dos principios de boa gobernanza.
- f) Emitir os informes que lles sexan solicitados, vinculados ao exercicio destas funcións. No caso das propostas de sanción tramitadas na aplicación deste Código, o seu informe é preceptivo.
- g) Realizar revisións periódicas do Código e elaborar propostas de modificación para mantelo actualizado.
- h) Elaborar unha memoria anual da actividade.

RÉXIME DISCIPLINARIO

Os incumprimentos que, eventualmente, puideran darse deste Código de Conduta serán analizados e, no seu caso, sancionados de acordo cos procedementos internos, convenios e normativa laboral vixente.

A gravidade da falta virá condicionada polo grao de intencionalidade, o impacto xerado ás persoas ou persoa afectadas e/ou aos intereses e principios da Fundación Amigos de Galicia.

Considéranse falta moi graves, entre outras, todo comportamento prohibido e/ou contrario ás condutas recollidas no presente documento, por atentar contra a dignidade das persoas e/ou identidade, reputación e legalidade da Fundación Amigos de Galicia; as condutas que contribúan a impedir ou dificultar o seu descubrimento; así como a infracción do deber específico de poñer en coñecemento os incumprimentos detectados.

Ningunha persoa vinculada profesionalmente coa Fundación, independentemente do seu nivel ou posición, atópase autorizado para solicitar a outros/as membros da entidade ou das súas contrapartes que contraveñan o establecido nesta norma. De igual maneira, ningún profesional pode xustificar unha conduta impropia amparándose nunha orientación ou directriz dada nos seus equipos de traballo ou no descoñecemento desta norma.

A Fundación Amigos de Galicia reservase o dereito de emprender as accións legais que considere oportunas contra a persoa física e/ou xurídica implicada, así como contra o emisor dunha denuncia de mala fe. En tal sentido, a Fundación denunciará antes as autoridades correspondentes aqueles feitos cometidos por persoas suxeitas ao presente Código de Conduta e que poidan ser constitutivos de delitos, primando en todo momento as liberdades, dereitos e protección da/das vítima/s.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2022



FUNDACIÓN
AMIGOS DE GALICIA
amigosdegalicia.org